




25 de xullo de 2004 // 19,30 H

**ACTO DE ENTREGA DAS MEDALLAS DE
GALICIA 2004**

Pazo de Congresos e Exposicións
SANTIAGO DE COMPOSTELA



- **Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.**
- **Sr. Delegado do Goberno.**
- **Sr. Alcalde de Santiago de Compostela.**
- **Señoras e señores Conselleiros.**
- **Autoridades e representacións.**
- **Miñas donas, meus señores.**

1.- MEMORIA E PROSPECTIVA.

Hoxe é o Día de Galicia e é día de facer memoria e prospectiva.

O ano transcorrido desde o anterior Día de Galicia foi pródigo en acontecementos. Houbo un verdadeiramente lutuoso, que foi o atentado terrorista levado a efecto en Madrid o día 11 de marzo. Algunha familia galega sufriuno directamente.



Pero as consecuencias xurídicas, políticas e económicas daquela catástrofe feríronnos a todos. Vaia o noso recordo para as vítimas, defuntos ou superviventes.

Entre os sucesos felices acontecidos figuran destacadamente a celebración dos vinte e cinco anos da Constitución, a posta en execución do Plan Galicia, a celebración de dúas eleccións xerais, as españolas e as europeas, a ampliación cara ao leste da Unión Europea, o logro do consenso sobre o texto da chamada Constitución Europea e a iniciación do Ano Santo Compostelán 2004.

En xeral, foinos ben. Abondaron os pequenos feitos positivos que non é este lugar de analizar; como, por exemplo, ter acadada a maior cifra de exportacións nunca alcanzada nesta Comunidade Autónoma ou terse iniciado un apreciable aumento nas taxas de natalidade e de emprego rexionais.



Grandes e pequenos sucesos como os mencionados, transformaron profundamente a realidade política e social, condicionando as nosas posibilidades e as nosas opcións a curto e medio prazo. Cábeme a honra de pedirvos en nome de Galicia a todos, cada quen no seu rol, unha contribución persoal para que poidamos enfrontar con éxito a solución máis favorable para os novos problemas que xurdiron.

A conmemoración constitucional e o cambio de goberno español abriu o paso á reforma da Lei Fundamental e, por derivación, á reforma do Estatuto de Autonomía. Coido que isto é positivo, aínda que comporte riscos.

Eses riscos son, non obstante, potenciais: a obsolescencia das leis fundamentais constitúe, en cambio, un dano certo. Estamos xa traballando na proposta dun novo Estatuto.



Eu animo a todas as forzas políticas e sociais a participaren nesa tarefa, co espírito de diálogo e concordia que caracterizou na orixe do noso proceso estatutario ao Grupo dos Dezaseis. E préstese especialísima atención á reforma do Senado, onde se deberá garantir unha solidariedade xusta entre as autonomías grandes, as medianas e as pequenas. De feito, xa falei cos señores TOURIÑO e QUINTANA destes temas.

O Xacobeo desenvólvese cunha acollida magnífica. Ao ritmo que vai, traerá a Galicia arredor de seis millóns de viaxeiros foráneos, e a eles sumaranse outros seis millóns de visitas xeradas polo turismo galego interior. As previsións poderán incluso verse incrementadas. É unha ocasión única para presentarlle ao mundo a cara máis hospitalaria e atractiva da nosa terra e para enriquecer a nosa cultura coas achegas dos peregrinos.



Contribuamos todos a aproveitar tan magnífica oportunidade de actualización de ideas e proxectos.

A apertura ao leste da Unión Europea alterará profundamente durante o próximo período o xogo das axudas económicas externas e abrirá, en compensación, novos mercados e actividades. Debemos estar todos atentos para aproveitar a conxuntura no que teña de favorable. No pasado período, os galegos demostramos saber adaptarnos.

A seguridade colectiva debe ser asumida no noso tempo como un problema de todos, quero dicir de cada persoa. Soldados españois, e polo tanto tamén galegos, participan en accións bélicas de paz en países afastados, como Afganistán ou os Balcáns. Previsiblemente, haberán de participar en maior número e medida no tempo vindeiro.

Preparémonos para responder con valentía a eses retos, renovando o afecto e a confianza nas nosas



forzas armadas. Debemos quentar o espírito de unión cos restantes pobos de España, Europa e América para loitar xuntos contra os terrorismos interiores e internacionais e estar dispostos a facer de bo grado a nosa achega individual e colectiva a tal causa, que é para nós unha causa vital, quere dicir, de supervivencia e de convivencia en liberdade. Porque nin sequera nun día de festa podemos esquecer que a liberdade nacional e internacional é un ben fráxil polo que hai que loitar decote.

2.- A FESTA DO DÍA DE GALICIA.

Hoxe é o Día de Galicia e é tamén día de festa, o día da nosa festa rexional.

Unha festa non é unha cousa calquera. Unha festa é un conxunto de actos civís e relixiosos de carácter alegre, organizados co fin de celebrar ou conmemorar un feito ou de lembrar un personaxe.



Na festa do Día de Galicia nós conmemoramos un feito, o feito primordial que é para nós Galicia. Galicia pode ser considerada por todo o mundo unha Comunidade Autónoma máis das dezasete que compoñen o Reino de España. Pero como é a nosa, para nós é moito máis que iso.

No profundo da nosa alma, Galicia é unha matria en devir, un ser vivo en constante transformación, animado pola dialéctica resultante da interacción entre a tese dunha *terra*, a antítese dun *pobo* e a síntese dunha *cultura*. A vida forte e vigorosa de Galicia é o primeiro que conmemoramos e degoiramos hoxe, vinte e cinco de xullo de 2004, como o fixemos o ano pasado e os anteriores.

A razón de ser de que a festa teña lugar nesta data e non noutra ponnos sobre a pista do persoeiro que honramos hoxe. Na festa do Día de Galicia os galegos honramos tamén un personaxe: o pai fundador cristián Santiago Apóstolo.



Non se debe esquecer que Santiago comporta unha subsunción dialéctica doutro pai fundador anterior, Hércules, e que este, pola súa banda, foi quen de substituír ao máis antigo coñecido ou imaxinado, que foi o celta Breogán. O santo, o personaxe histórico, dános unha data de que carecen os personaxes mitolóxicos.

E a súa influencia, como máis próxima e multiseccular, é moito máis decisiva. Pero todos eles merecen lembranza, porque os tres actualizan inesquecibles elementos celtas, helénicos e medievais. O cristianismo aceptou e conservou moito dos feitos fundacionais anteriores, que forman parte da nosa cultura actual e permanente. Hoxe é día de comprometerse coa súa conservación, e facémolo con actos preparados para ese fin.

Na festa do Día de Galicia organizamos os galegos moitos actos civís e relixiosos para exaltar a nosa terra, a nosa cultura e o noso patrón.



Dos relixiosos, os principais son os que teñen lugar aquí en Compostela, na Catedral, xunto ao sartego do Apóstolo. Este ano, Ano Santo Xacobeo de 2004, os cultos foron esplendorosos e ademais estiveron honrados coa presenza das Súas Maxestades os Reis.

Pero as ditas funcións son só as principais, porque hai milleiros de cultos relixiosos que se celebran co mesmo obxecto en Galicia, na Península e no mundo hispánico americano, nas incontables parroquias postas baixo a advocación do Fillo do Trebón e onde queira que haxa un fato de galegos.

Actos civís aínda hai máis, porque os celebra cada familia, cada concello e cada provincia, ademais de moitas corporacións, asociacións, colexios ou institucións. E tamén a Xunta de Galicia, con este acto. Conforta saber que non é a nosa unha festa única, senón plural, compartida e popular. Con ese espírito axuntámonos hoxe os presentes.



Aquí non se exclúe a ninguén, e chámase a todos a participar con alegría.

A alegría comeza, claro é, cun acto expreso de desculpa. Todos nos ofendemos, mesmo sen querer, nalgún paso das relacións sociais. Eu presento escusas a quen puidésemos ofender algún dos membros do Goberno e da Administración Pública galega, e animo a todos a esquecer agravios alleos. Estamos en Ano Santo. E se no ámbito relixioso os Anos Santos son tempo de perdoanza, tamén no eido civil debe aproveitarse esta festa para esquecer ofensas e pechar diatribas.

Hoxe é día de iluminar o rostro cun sorriso aberto e de tender os brazos nunha aperta cordial a todos. Coñecidos e descoñecidos, veciños ou arredados, achegados ou forasteiros, políticos e apolíticos, amigos e adversarios. Hoxe cesan as hostilidades.



Esta é a nosa festa, e debe ser festa de espírito de concordia, de paz, de tolerancia e de comprensión de todos para con todos.

3.- ELOXIO DAS PERSOAS E INSTITUCIÓNS CONDECORADAS.

A festa do Día de Galicia comprende tamén a condecoración e honra pública daquelas persoas e institucións que fixeron cousas extraordinarias a prol de Galicia, con algún feito puntual heroico ou cos servizos prestados ao longo dunha vida enteira. Cómpre, polo tanto, facer o eloxio das institucións e das persoas honradas coas medallas de Galicia e singularmente as que recibiron fai un momento as medallas de Ouro.

A ASOCIACIÓN DE VÍCTIMAS DEL TERRORISMO é unha organización apolítica de carácter benéfico asistencial, constituída en 1981 para socorrer os españois vítimas da vesania terrorista.



Estes suman na actualidade máis de seis mil persoas, o que denota a gravidade do fenómeno terrorista e a necesidade de combatalo ata erradicalo da nosa sociedade e do planeta. Entre eses seis mil españois figuran varios centos de galegos.

A Asociación brinda aos seus asociados a axuda necesaria para cubrir necesidades perentorias propias da súa situación de vítimas. Ofrece apoio social e asistencial. Consegue recursos económicos e financeiros. Presta servizos xurídicos e administrativos. Evita que se esqueza o problema, subministrando información veraz por todos os medios masivos de difusión de noticias. Custea gabinetes psicolóxicos e psiquiátricos para recuperar os afectados. E proporciónalles acceso á reinsertión laboral e á independencia económica...

A Medalla de Ouro de Galicia, que hoxe lles entregamos, manifesta alto e claro que o Pobo Galego e a Xunta de Galicia estamos a carón da ASOCIACIÓN



DE VÍCTIMAS DEL TERRORISMO no valoroso enfrontamento que mantedes cos asasinados inimigos de España; que padecemos convosco as vosas dores e que agradecemos a axuda que emprestades ás numerosas vítimas galegas e aos seus achegados.

EL CORREO GALLEGO foi fundado en 1878, polo que cumpriu xa o seu 125 aniversario. Leva información de Galicia a todos os galegos de dentro e fóra da Comunidade. Visita decote todos os centros galegos do mundo. Realiza importantes empresas culturais como a *Biblioteca 114*, a *Fonoteca 92*, o *Quén é quén na Galicia*, a *Axenda da comunicación*, a *Carreira Pedestre Popular de Santiago*, a elección do *Galego do ano* ou os *Premios Compostela de Teatro*.

A Medalla de Ouro de Galicia que hoxe lle entregamos premia méritos contraídos difundindo en Galicia e fóra dela as mellores tradicións galegas e os valores principais da cultura galega; e, co gallo do seu 125 aniversario, agradece de forma pública e solemne



ao Grupo El Correo Gallego, e á Editorial Compostela, o apoio que EL CORREO GALLEGO presta nas súas páxinas ao desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia na actualidade.

FARO DE VIGO, fundado en 1853, está considerado o xornal decano da prensa española. A súa longa traxectoria de servizo á información e á opinión converteuno nun elemento esencial da vida da xente do centro e sur de Galicia, territorio por onde distribúe cinco edicións acotío. O paso á edición dixital ampliou recentemente o número de lectores.

A Medalla de Ouro de Galicia que agora recibiu FARO DE VIGO comporta a felicitación do Pobo Galego e da Xunta de Galicia ao xornal, ao Grupo de comunicación Prensa Ibérica e aos traballadores que o editan, por ter cumprido o seu sesquicentenario. E, ademais, aplaude a actividade política, económica e cultural complementaria que o xornal patrocina en vivo, mediante o foro de opinión e debate CLUB FARO



DE VIGO e, por escrito, en cada un dos seus exemplares.

O cardiólogo D. ALFONSO CASTRO BEIRAS é licenciado pola Universidade de Santiago e doutor pola Universidade de Madrid, onde se especializou en Medicina Interna e en Cardioloxía. Neste momento é o Director da Área do Corazón e o Xefe do Servizo de Cardioloxía do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo, da Coruña.

A actividade científica de D. ALFONSO CASTRO BEIRAS figura en libros como *Hipertensión y corazón*, *Marcapasos*, *Cardiopatía isquémica en la mujer* e *Insuficiencia cardíaca*, e espállase en máis de 280 artigos publicados en revistas e obras colectivas non periódicas. A súa importante investigación céntrase nas análises mutacionais dos xenes que teñen que ver coas miocardiopatías dilatadas idiopáticas e coas miocardiopatías primarias, hipertrófica e dilatada familiar.



O cardiólogo D. ALFONSO CASTRO BEIRAS é unha eminencia da Medicina Galega, que naceu entre nós, se formou entre nós e derrama sobre nós a súa admirable arte terapéutica e cirúrxica. Coa Medalla de Ouro de Galicia, o Pobo Galego reconece os seus méritos e convídao a seguir exercendo a súa arte entre nós por moitos anos.

O Excmo. Sr. D. RODOLFO MARTÍN VILLA é un gran político. Ten desempeñadas as duras responsabilidades de Vicepresidente do Goberno, Ministro da Gobernación, Ministro do Interior, Ministro de Estado para a Administración Territorial, Senador de designación real e Deputado por León e por Madrid en varias lexislaturas.

Para a nosa fortuna, desempeñou desde xaneiro ata outubro de 2003 o cargo de Comisionado do Goberno para as actuacións estatais derivadas do sinistro do buque *Prestige*, con categoría de Secretario



de Estado. Durante os dez meses que estivo nese posto, traballou arreo defendendo os intereses de Galicia, da Xunta, dos concellos, das confrarías de pescadores e mariscadores e de todas as persoas afectadas singularmente.

E así acadou a recuperación das costas galegas, estableceu axeitadas compensacións económicas para os afectados e dispuxo o operativo para a recuperación do pecio, agora en execución avanzada. Merece, polo tanto, o recoñecemento e a gratitude que o Pobo e a Xunta de Galicia representan na Medalla de Ouro de Galicia que hoxe lle entregamos.

Reciban finalmente os nosos parabéns os demais galardoados. Diríxome, polo tanto, ás señoras e señores condecorados aquí presentes, aos familiares dos falecidos e aos representantes e membros das institucións, así mesmo honradas hogano coas Medallas de Galicia de Prata e Bronce. ¡Benvidos sexades todos a este grupo de bos e xenerosos! Para



todos, unha afectuosa congratulación o día grande de Galicia.

4.- A PROL DE GALICIA.

Aínda que a definición usual da festa non o mencione, unha festa colectiva ten que facerse non só mirando cara ao pasado, senón tamén mirando cara ao futuro. E mirando ao futuro hoxe temos que comprometernos todos de novo a traballar a prol do interese xeral de Galicia. Mais, ¿como?

Dínolo moi ben don Xaquín LORENZO FERNÁNDEZ, o persoeiro a quen lle dedicou este ano a Real Academia Galega o Día das Letras Galegas. Contra o final da súa vida, este grande e humilde home puido dicir con xustiza que "toda a súa obra, sen excepción, foi feita pensando en Galicia e traballando por Galicia".¹ El fixo unha obra superespecializada en etnografía galega. Pero o espírito con que a levou a

¹ Ver Clodio GONZÁLEZ PÉREZ, *Xaquín Lorenzo, "Xocas"*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2004, p. 9.



cabo vale para todos os traballos ou ocupacións e merece lembranza.

Consta en diversos lugares, sempre brevemente; pero, de forma singular, na súa obra cume. Ela foi a *Etnografía de Galicia*, publicada como tomo segundo da *Historia de Galicia*, dirixida por RAMÓN OTERO PEDRAYO. Tirouna do prelo a Editorial Nós de Bos Aires o ano 1962. No seu limiar pódense ler estes graves xuízos:

"A Galicia atópase hoxe nun intre de transformación e o conxunto da súa cultura que aquí recollemos perderase axiña, substituído polos aparellos da nova técnica que fan xa acto de presenza entre nós e que orixinarán unha transformación total na vida das nosas xentes, desvencellándoas da terra e xunguíndoas, en troques, á insensibilidade do artiluxio mecánico. A que aquí estudiamos é a Galicia con poboación de tipo dispersivo minifundista e case



enteiramente agrícola e gandeira; Galicia esta, que existía aínda hai poucos anos, mais que xa nos nosos días non é coma denantes era, e que dentro de pouco será totalmente diferente, sen que poidamos aínda albisca-lo xeito novo con que se desenrolará".²

XAQUÍN LORENZO deu fe con esas palabras de dous feitos importantes. O primeiro, que Galicia iniciaba en 1962 un período creador de cambio acelerado das súas infraestruturas.

E o segundo, que en xeral non se sabía como se ía desenvolver o proceso e onde ía concluír.

Hoxe, corenta anos despois, sabemos que efectivamente a transformación foi inmensa. E tamén sabemos que foi para ben en termos xerais, pois desembarazou a nosa xente de moito traballo duro, mellorou a súa calidade de vida, erradicou a

² Xaquín LORENZO FERNÁNDEZ, "Etnografía. Cultura material", *Historia de Galicia publicada baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo. Volumen II. Introducción. Segunda Parte. O Home*, Buenos Aires, Editorial Nós, 1962, 744 pp. Ver p. 7.



emigración e o analfabetismo e evitou enfermidades crónicas e endémicas. O minifundismo reduciuse considerablemente e a comunicación multiplicouse.

Sabemos en fin que mesmo os artiluxios mecánicos son vehículos de beleza e que poden suscitar sensibilidade en quen fose educado para buscala nas cousas produto da utilidade.

Pero aprendemos que os procesos de cambio social nunca se deteñen. Aceléranse ou fréanse, pero non se paran. Hoxe sabemos que aquel proceso cultural que describía don XAQUÍN non era un terremoto que sacode a terra e logo para quieto. Sabemos que o cambio de costumes e formas de vida é consubstancial á natureza humana e que iso non comporta unha perda da identidade..., con tal de que as persoas e os grupos saiban autoidentificarse e manter os valores substanciais flotando sobre a marusía dos cambios nos usos e costumes.



Finalmente, sabemos que hai un camiño seguro que permite fomentar, encanar e encaixar os cambios, sen prexuízo da conservación da propia personalidade, que é o camiño que o propio XAQUÍN LORENZO descubriu, guiado polos seus mestres da xeración Nós, sendo consciente só a medias do descubrimento.

O camiño, o método, describiuno no mesmo lugar, ao final, de paso, como pedindo desculpas. O texto explica o que el fixo para salvar a memoria etnográfica que o cambio puña en perigo de esquecemento:

"Tivemos que peleginar por tódolos camiños de Galicia. Percorrimos a montaña. Andivemos polos vales e polas terras chas. Visitámo-los lugares. Andivemos pola beiramar. Fomos informados por homes, por mulleres e por nenos. Entramos nas súas casas, visitámo-los seus barcos, os seus obradoiros... E todos, sen unha



*excepción, foron dándonos cordialmente a información que lles pediamos"*³ ...

Ese é o camiño que temos que percorrer os galegos que soñamos con mellorar Galicia: a *vía peregrinatorum* da inmersión no pobo, nos camiños, nos bosques, nos ríos, nos muíños, nas cortes, nos fallados... e na lingua, para coñecer os seus problemas e buscarlles unha solución. Esa é a doutrina que guiou de certo, ao longo das súas biografías, a todas as persoas que recibiron hoxe as Medallas Galicia. Esa é a regra que eu convido a seguir a todos os galegos.

Dicía ao comezo que unha festa consta de actos de carácter alegre por definición. ¡Señoras e señores!: esteamos alegres porque Galicia prospera e mellora, porque ten problemas que estimularán a nosa capacidade de resposta e a nosa creatividade e, finalmente, porque puidemos celebrar un ano máis

³ Xaquín LORENZO FERNÁNDEZ, "Etnografía. Cultura material", *Historia de Galicia publicada baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo. Volumen II. Introducción. Segunda Parte. O Home*, Buenos Aires, Editorial Nós, 1962, 744 pp. Ver p. 8.



xuntos o Día de Galicia e proveitalo para redobrar sinerxías coas que poder continuar prestando os servizos debidos á terra nai.

Para afrontar os retos imprevisibles contamos coa xeración de cidadáns mellor preparada que nunca tivemos... e coa axuda de Deus e do Apóstolo Santiago, o noso patrón e avogado. Que aquel, por intercesión deste, nos conceda podermonos volver atopar aquí de novo, en boa saúde, e xuntos, o vinte e cinco de xullo de 2005. ¡De hoxe nun ano!